

O teu diñeiro conta

Unidade didáctica
4º de ESO

O mundo no que vivimos está completamente interconectado. Todas as nosas accións teñen consecuencias globais.



Elaborado por:



Co apoio de:



Licenza:



“Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgal”
España. Creative commons.

ÍNDICE

Índice.....	1
Introdución.....	2
1.Xustificación.....	3
2.Contribución ás competencias básicas.....	5
3.Obxectivos didácticos da unidade.....	6
4.Contidos: O teu diñeiro conta.....	7
5.Metodoloxía.....	8
6.Planificación das sesións.....	10
7.Actividades complementarias e de afondamento.....	14
8.Anexos.....	15

Introdución

Esta guía didáctica é unha proposta educativa realizada por Fiare e forma parte do proxecto de sensibilización *O lugar do diñeiro e das finanzas na nosa sociedade e a súa influencia na Xustiza Económica Global* financiado pola Deputación Foral de Biscaia no marco do programa de concesión de subvencións para a realización de proxectos de cooperación, sensibilización e educación para o desenvolvemento.

O que se pretende con este material é sensibilizar ao alumnado de 4º de ESO sobre o papel que os cartos e as finanzas desempeñan na nosa sociedade e a súa influencia na xustiza económica global, así como sobre a necesidade de atopar alternativas ao modelo económico tradicional.

Este material didáctico está pensado e deseñado para persoal docente que traballe con alumnado de 4º da ESO.

1. Xustificación

O plan director de Cooperación ao desenvolvemento 2009-11 da Deputación Foral de Biscaia no primeiro parágrafo do apartado destinado á educación para o desenvolvemento afirma que a “educación para o desenvolvemento é un proceso educativo dirixido a xerar conciencia crítica sobre a realidade mundial, a promover unha cidadanía global politicamente activa e comprometida e a mobilizar á sociedade a favor de un desenvolvemento humano xusto, equitativo e sostíbel, sempre no marco do respecto aos dereitos humanos”.

O feito de que a LOE recolla a adquisición da competencia cidadá como un dos obxectivos fundamentais máis importantes da educación fai que a formación moral se impoña de modo transversal a través de todas as etapas educativas. Así inclúense aspectos como, por un lado, a aprendizaxe de condutas e valores especialmente relevantes para a participación en sociedades tan complexas como a nosa e, por outro, o fomento dunha reflexión crítica sobre a realidade.

Estas aprendizaxes, realizadas mediante o exercicio dunha racionalidade de carácter dialogante, promoven o proceso de madurez moral da xente nova, favorecendo o acceso a un grao superior de autonomía e de capacidade crítica.

Na actualidade, as decisións que tomamos como persoas consumidoras intégranse nunha inmensa rede. Son microcausas que xeran, sen o noso consentimento explícito para que así sexa, efectos a escala “macro” de forma case instantánea e en lugares que poden estar moi lonxe. Poden acabar mesmo, como se nos lembra con frecuencia ao falar da crise ecolóxica, afectando ás xeracións futuras e, en definitiva, á estabilidade de todo o planeta. Efectos que, dito sexa de pasaxe, non coñecemos ou simplemente non asumimos de xeito ningún que sexan responsabilidade nosa. En definitiva, queiramos ou non, somos militantes económicos asumindo compromisos (opcións de consumo) e construíndo a sociedade a través deles. Poida que antigamente fose factíbel coñecer as consecuencias de consumir os produtos dunha granxa concreta ou depositar os nosos cartos nunha pequena entidade financeira local, porén nos nosos días iso non é posíbel, polo menos non de forma sinxela.

Comportarse como unha persoa activa e responsábel non se reduce soamente a crer que se é, senón que require tamén e principalmente querer chegar a selo e saber como selo para exercer como tal. Non hai medio máis seguro e apropiado para alcanzar este obxectivo que unha educación destinada a formar unha cidadanía activa e responsábel no ámbito da economía nas

nosas sociedades. A educación política en termos de xustiza e de responsabilidade na esfera económica ten por tanto unha primacía crucial.

Todo isto xustifica a presenza de unidades didácticas como esta que pretenden formar e sensibilizar con respecto ás manifestacións, tanto individuais como colectivas, que son un obstáculo para o desenvolvemento da xustiza, a liberdade e a igualdade nas nosas sociedades. Neste caso concreto trátase de educar sobre as consecuencias que ten para o desenvolvemento dos pobos e das sociedades a intermediación financeira e sobre a existencia de alternativas ao modelo económico tradicional, que pretenden promover unha orde económica e social máis xusta.

2. Contribución ás competencias básicas

A Lei Orgánica de Educación de 2006 introduce o marco das competencias na definición e organización do currículo no sistema educativo. O Anexo I do decreto de contidos mínimos de decembro de 2006 está dedicado a definir as competencias básicas, describíndoas e explicando de que maneira as diferentes materias a través dos ciclos educativos contribúen ao seu desenvolvemento.

Con esta unidade didáctica “O teu diñeiro conta” preténdese contribuír ao desenvolvemento directa e fundamentalmente da *competencia social e cidadá*. Isto é debido á temática que se estuda: as consecuencias da intermediación financeira na configuración das sociedades e as alternativas ao modelo económico tradicional –unha cuestión ética cuxo tratamento fomenta a reflexión persoal do alumnado.

Esta competencia é a que permite comprender a realidade social en que se vive; cooperar, convivir e exercer unha cidadanía democrática, así como comprometerse con ela.

A unidade didáctica traballa na elaboración dunha escala de valores propia e persoal construída de forma reflexiva e crítica.

Así mesmo, desde outra perspectiva tamén a metodoloxía empregada favorece a adquisición da competencia social e cidadá, dado que se desenvolven dinámicas de traballo en grupo de tipo colaborativo que facilitan o encontro entre iguais e a cooperación do alumnado de cara á consecución dun mesmo fin. Fórmanse deste xeito vínculos sociais entre eles e refórzase esta competencia.

Por outro lado, o sistema de traballo utilizado nas aulas promove a *competencia para a autonomía e a iniciativa persoal* ao favorecer a toma de posición individual e a súa defensa en diálogo. Dado que se lle esixe ao alumnado a realización de valoracións e reflexións individuais, deben ir elaborando a súa visión persoal e, por tanto, modelando a súa autonomía.

Outra das competencias que se traballan de forma indirecta é a da *comunicación lingüística*. Todo o traballo da unidade baséase na lectura, na redacción, na escoita e na réplica, traballando a comunicación de modo constante. Así, faise fincapé na importancia do uso adecuado dos termos e conceptos, enriquecendo á súa vez o léxico do alumnado.

3. Obxectivos didácticos da unidade

1. Desenvolver o pensamento crítico no ámbito económico identificando as pautas de consumo que favorecen a inxustiza e tomando así consciencia da incidencia das opcións individuais no espazo público.
2. Coñecer a proposta de Fiare como alternativa de intermediación financeira e banca ética valorando positivamente os intentos por construír sociedades máis xustas a través do uso responsábel do diñeiro e comprendendo a súa necesidade.
3. Comprender a relevancia e o peso que teñen os cartos e o sector financeiro na configuración das nosas sociedades.
4. Integrarse e cooperar en grupos de traballo, tomando parte de forma activa e comunicándose de xeito eficaz por medio do diálogo e a participación democrática para alcanzar obxectivos comúns.

4. Contidos: *O teu diñeiro conta*

(Conceptuais)

- A sociedade de consumo e as súas consecuencias
- O diñeiro e o seu uso responsábel e crítico
 - banca ética e finanzas alternativas
 - Fiare e o Proxecto de Banca Ética

(Procedementais)

- Uso do diálogo argumentado
- Análise crítico da realidade
- Reflexión sobre as propias condutas

(Actitudinais)

- Espírito crítico ante a sociedade de consumo
- Responsabilidade persoal ante as situacións de inxustiza e a súa perpetuación ou transformación

5. Metodoloxía

A metodoloxía é unha parte fundamental de calquera unidade didáctica, e aínda máis se cabe no caso dunha unidade coma esta de sensibilización dunha realidade concreta na que se tratan cuestións éticas porque mediante a escolla das estratexias adecuadas pódese contribuír desde a propia actividade a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas, así como a desenvolver a súa capacidade crítica.

As actitudes fórmanse, en parte, a partir da interacción do suxeito co seu ambiente e apréndense por tanto nos contextos sociais.

A aprendizaxe que leve a cabo o alumnado debe ser significativa, é dicir, os novos contidos deben relacionarse de modo coherente cos coñecementos que posuían previamente e a partir de aí estruturarase os seus esquemas materiais. Para isto a propia persoa debe desempeñar un papel activo neste proceso.

Como dixemos, para que o alumnado do Ensino Secundario se sinta motivado, os contidos débense relacionar co seu mundo afectivo, debe sentilo positivo, encontrarlle sentido dentro da súa vida.

Así, a fin de garantir a máxima rendibilidade posíbel das sesións e de promover a autonomía do alumnado, na elaboración da presente unidade didáctica recorreuse a unha planificación de estratexias de aprendizaxe e actividades tanto teóricas como prácticas que precisan da súa participación activa.

A seguir faise referencia a algúns dos aspectos máis característicos da metodoloxía empregada:

- Agrupamento

Existen diversos modos de agrupamento do alumnado, quer nun único e gran grupo, quer en pequenos subgrupos. Ao longo das dúas sesións desta unidade altérnanse ambas as posibilidades posto que as dúas teñen as súas vantaxes e a súa propia utilidade.

O primeiro, o agrupamento xeral, refírese a aquelas actividades en que todos os membros realizan a mesma tarefa a un tempo.

Para outros momentos propóñense actividades organizadas en torno a grupos chamados móbiles ou flexíbeis. Isto é, grupos formados por tres ou máis persoas que realizan unha actividade concreta. Estes agrupamentos duran o que se tarde en levar a cabo a tarefa e non teñen unha estrutura interna determinada porque é a propia actividade a que marca as directrices.

O traballo en equipo resulta sempre moi interesante porque ofrece a posibilidade de que o alumnado se preste axuda entre si e con todo isto trabállanse a actitude e as relacións interpersoais, o que, adicionalmente, favorece un bo ambiente na aula.

Outras actividades realizaranse de forma individual.

- Recursos e materiais

Os materiais que se propoñen para o desenvolvemento da unidade, tanto teóricos como prácticos, pretenden estar acordes co estilo de aprendizaxe do alumnado e cos estímulos aos que está afeito e que, por iso mesmo, captan a súa atención; neste sentido non ten nada que ver unha persoa de 16 anos de hoxe en día cunha de hai tres décadas. Actualmente a xente nova está afeitada a estímulos rápidos e impactantes, por iso se incluíu, por exemplo, o uso de presentacións con proxeccións de diapositivas como algo fundamental –serven de apoio para a exposición do docente e como complemento esclarecedor de moitas ideas que se queren comunicar. Este tipo de soporte axuda a centrar máis a atención do grupo con relación a un obxecto de estudo común porque resulta máis atractivo que outros medios ao poder incluír nel vídeos ou ilustracións.

- Exercicios e actividades

As actividades propostas son de diferentes tipos: hai algunhas actividades de motivación como as da primeira sesión de traballo con preguntas que pretenden facer reflexionar e sorprender, e tamén hai outras actividades de afondamento, de repaso, afianzamento, etc.

6. Planificación das sesións

A continuación preséntase o programa de actividades que se realizarán ao longo das dúas sesións de 50 minutos que dura a unidade educativa.

SESIÓN I

Obxectivos da unidade:

- Desenvolver o pensamento crítico no ámbito económico identificando as consecuencias que teñen as nosas decisións de consumo no noso entorno físico e social, recoñecendo aquelas que favorecen a inxustiza e valorando así a incidencia das opcións individuais no espazo público.
- Integrarse e cooperar en grupos de traballo, tomando parte de forma activa e comunicándose de xeito eficaz por medio do diálogo e a participación democrática para alcanzar obxectivos comúns.

Obxectivos da sesión:

- Favorecer a empatía e a consciencia sobre as consecuencias dos propios hábitos de consumo.

Contidos:

- A sociedade de consumo e as súas consecuencias.
- O diñeiro e o seu uso responsábel.

Secuenciación das actividades	Duración estimada (en minutos)	Recursos
1. Lema	5'	- Ordenador - Proxector - Presentación de ordenador: diapositiva 2 (Anexo 1)
2. Causa - efecto	20'	- Fotocopias da Ficha de Traballo I (Anexo 2). - Presentación de ordenador: diapositiva 3 (Anexo 1)
3. O diñeiro e o seu uso responsábel	5'	- Ordenador - Proxector - Presentación de ordenador: diapositivas 5 e 6 (Anexo 1)

- 1) **Lema.** A sesión comeza cunha actividade de introdución. Introdúcese unha frase e pídeselle ao alumnado que a comente ou comparta as impresións ou reflexións que suscita entre eles. A frase é “O mundo en que vivimos está completamente interconectado. Todas as nosas accións teñen consecuencias globais. Cada unha das túas accións tamén conta”.
- 2) **Causa-efecto.** Esta actividade, que é unha adaptación de “¿De verdad quieres ser millonario?” ideado por Economistas sin Fronteras para a súa unidade didáctica *Por una economía más justa*, ten como obxectivo favorecer a toma de conciencia das consecuencias que teñen os hábitos de consumo propios e xerar un sentimento de indignación ante as inxustizas existentes no mundo. O docente pregunta a quen lle gustaría ser rico á custa de todo, de entre o alumnado que levante a man selecciónanse 5. Un dos grupos estará formado por estas cinco persoas e o outro polo resto. A cada grupo entrégaselle un conxunto de tarxetas e explícaselle que o obxectivo do xogo é non perder todo, para o cal deberán evitar sacar a tarxeta de bancarrota.

As tarxetas estarán ordenadas numericamente e será esta a orde en que deberán sacalas. Nas do primeiro grupo descríbense características e usos propios da nosa sociedade, mentres que nas do segundo aparecen os efectos desas accións. Sacaranse tarxetas até que se acaben e non quede ningunha. Ao final da actividade iniciarase un diálogo entre os estudantes para que compartan as impresións que tiveron e como se sentiron.

- 3) **O diñeiro e o seu uso responsábel.** Coa axuda da presentación con proxección de diapositivas, o docente leva a cabo unha breve presentación sobre o valor do diñeiro e a necesidade de facer un uso responsábel del.

SESIÓN II

Obxectivos da unidade:

- Integrarse e cooperar en grupos de traballo, tomando parte de forma activa e comunicándose de xeito eficaz por medio do diálogo e a participación democrática, para alcanzar obxectivos comúns.
- Comprender a relevancia e o peso do sector financeiro na configuración das nosas sociedades.
- Coñecer alternativas de intermediación financeira e banca ética valorando positivamente os intentos por construír sociedades máis xustas a través do uso responsábel dos cartos.

Obxectivos da sesión:

- Coñecer a alternativa ética de intermediación financeira Fiare e a súa repercusión.
- Tomar consciencia sobre os diferentes modos de afrontar o aforro.

Contidos:

- O diñeiro e o seu uso responsábel e crítico:
 - banca ética e finanzas alternativas
 - Fiare e o Proxecto de Banca Ética

Secuenciación das actividades	Duración estimada (en minutos)	Recursos
1. O aforro, os bancos e os diferentes tipos de aforradores	10'	Presentación de ordenador: diapositivas 7 e 8 (Anexo 1).
2. Exercicio aforradores	10'	Fotocopias da ficha de traballo II (Anexo 3).
3. Presentación banca ética	5'	- Ordenador - Proxector - Presentación de ordenador: diapositivas 9 e 10 (Anexo 1).
4. Características	15'	Fotocopias da ficha de traballo III (Anexo 4).
5. Presentación Fiare	10'	- Presentación de ordenador: diapositivas 11 e 12 (Anexo 1). - Acceso a internet

- 1) **Presentación sobre o aforro, os bancos e os diferentes tipos de aforradores.** O docente leva a cabo unha breve presentación apoiándose nas diapositivas.
- 2) **Exercicio de aforradores.** O alumnado comeza a facer este exercicio en parellas e ao acabar corríxeno en “gran grupo”.
- 3) **Presentación da banca ética.** O docente presenta de forma sinxela a banca ética como unha alternativa de economía solidaria, podendo facer uso da presentación en soporte informático.
- 4) **Características.** O alumnado comeza a traballar na ficha de traballo III por grupos. O exercicio consiste en identificar os elementos característicos da banca ética e xustificar a escolla. Unha vez finalizado corríxese en “gran grupo”.
- 5) **Presentación de Fiare.** O docente realiza a presentación de Fiare como unha proposta de banca ética.

7. Actividades complementarias e de afondamento

- Actividade con cancións

Pódese pedir ao alumnado que traia a clase cancións que xa coñeza con letras de denuncia sobre a sociedade de consumo, ou pódense poñer en clase e pedir que traten de interpretar as letras. Exemplos de cancións:

- “Consumismo” de Habeas Corpus
 - “Muere en paz” de Def con Dos
 - “Consumo gusto” de Skap
 - “Libre” de Berri Txarrak
 - “Canción Consumo” de Luis Eduardo Aute
- Para introducirse de forma rápida, sinxela e atractiva na historia do diñeiro pódese visualizar algún fragmento da película “El concursante”.
 - Pódese elaborar un test como os que aparecen nas revistas pero que responda a “que tipo de aforrador es”: solidario, agresivo, indiferente etc.
 - Pódense visualizar vídeos que poidan resultar suxestivos para a reflexión e o comentario compartido:
 - película “El Concurante”
 - curtametraxe “El valor de las cosas”
 - curtametraxe “La isla de las Flores”
 - vídeo de Setem “El ultimátum evolutivo”
 - vídeos realizados na campaña “Banca Limpia” de Setem
 - Podería ser interesante levar a cabo unha dinámica de proxectos na que o alumnado tivese que realizar investigacións pola súa conta de distintos elementos como por exemplo:
 - a economía solidaria
 - as consecuencias do consumismo na nosa sociedade
 - a influencia do noso consumismo nos países en vías de desenvolvemento
 - os efectos das nosas pautas de consumo no medio ambiente
 - campañas pro-banca ética ou de denuncia sobre os abusos e condutas inmorais da banca convencional

8. Anexos

A continuación preséntanse os documentos de apoio para o desenvolvemento da unidade didáctica que se encontran citados nas táboas de desenvolvemento das sesións.

Anexo 1


Presentación de ordenador: para o docente.




Diapositiva 1




Diapositiva 2



Diapositiva 3



Diapositiva 4



Diapositiva 5

O aforro 

Cando as persoas non van utilizar os cartos durante moito tempo, depositanos nos bancos. Os bancos ofrecen distintas maneiras de gardar o diñeiro.

Depósito → Banco → Préstamo

M. GARCÍA GÓMEZ, I. RIVERA

Diapositiva 6

O importante do aforro non é exactamente saber o que é. O importante é a maneira en que aforramos: as decisións que tomamos sobre como aforrar e o que queremos conseguir a cambio.

Diapositiva 7

Tipos de aforradores

- Aforrador agresivo
- Aforrador indiferente
- Aforrador conservador
- Aforrador responsábel
- Aforrador xusto e solidario

O. HERNÁNDEZ GÓMEZ, I. RIVERA

Diapositiva 8

Tipos de aforradores

- Aforrador agresivo
- Aforrador indiferente
- Aforrador conservador
- Aforrador responsábel
- Aforrador xusto e solidario

© Unibanco, S.A. 8

Diapositiva 9

Iniciativas de Banca Ética

- Reclaman o valor social do dinhero:
 - Apoian mediante o crédito actividades económicas que teñen un impacto positivo na sociedade.
 - Empréstanos o diñeiro a empresas, actividades e proxectos sociais, ecolóxicos, culturais e solidarios, favorecendo o desenvolvemento humano tanto nas sociedades do norte como nas do sur do mundo.
 - Ofrecer produtos de aforro e de investimento responsábeis e conscientes.

© Unibanco, S.A. 10

Diapositiva 10

Fiare: unha proposta de Banca Ética



Embora existan en Galicia moitos bancos, a Banca Ética é a única que se dedica exclusivamente a financiar actividades sociais, culturais e ambientais.

Dispoñible en Galicia e no resto de España, a Banca Ética é unha entidade que se dedica a financiar actividades sociais, culturais e ambientais.

Todo isto desde a transparencia.

- [Transparencia e Goberno](#)
- [Transparencia e Goberno](#)

© Unibanco, S.A. 11

Diapositiva 11

Proxectos financiados





© Unibanco, S.A. 12

Diapositiva 12

Anexo 2

Ficha de traballo I: Cuestión de sorte

Tarxetas: o docente recorta as tarxetas pola liña de puntos e forma dous conxuntos que coloca en diante de cada un dos grupos de alumnos que se formaron.



<p>1 CAUSA</p> <p>A aparición do papel supuxo unha vantaxe indubidábel fronte a outros soportes usados antigamente como lousas de pedra. Actualmente o acceso ao papel no primeiro mundo está completamente normalizado. Todos podemos comprar paquetes con centos de folios e cadernos a un prezo accesíbel.</p> <p>Cada persoa do primeiro mundo gasta unha árbore ao ano no consumo de papel e cartón. De media, nos países desenvolvidos tírase cun quilogramo de papel e cartón á semana por persoa.</p>	<p>1 EFECTO</p> <p>Segundo a WWF, cada día pérdese o equivalente a 40.000 campos de fútbol de superficie de bosque. Principalmente debido a incendios forestais, talas ilegais, conversión forestal, consecuencias do cambio climático e a un consumo desmedido.</p>
<p>2 CAUSA</p> <p>Anuncio na páxina de moda dunha revista: “Vaqueiros desgastados a metade de prezo: todas as tallas e estilos. Achégate xa!”</p>	<p>2 EFECTO</p> <p>A aparencia desgastada dos vaqueiros conséguese mediante a técnica do “sandblasting”, que consiste en aplicar un chorro de area directamente sobre o tecido. Este método foi prohibido en Europa en 1966 pero aínda é lícito noutros países como Turquía, Bangladesh, China ou a India, onde se elabora a maior parte da roupa que vestimos. Estímase que uns 50.000 traballadores están afectados de silicose, unha enfermidade crónica.</p>

<p>③ CAUSA O automóbil é un medio de transporte moi cómodo, é rápido e eficaz e permite ás persoas ser máis independentes. Hoxe en día practicamente todas as familias teñen un ou dous. O estado español conta cun parque automobilístico de 18 millóns de vehículos.</p>	<p>③ EFECTO En tres décadas a obesidade aumentou e un dos factores que van unidos a isto é o sedentarismo e o abuso do coche.</p>
<p>④ CAUSA Cada vez resulta máis fácil viaxar posto que temos ao noso alcance unha chea de páxinas web nas que se poden buscar voos a prezos baixos en calquera momento do ano.</p>	<p>④ EFECTO O aumento exponencial dos voos aéreos fomentado pola aparición das compañías de baixo custo fai que o sector da aviación contribúa cada vez máis á contaminación atmosférica. As emisións contaminantes da aviación aumentaron un 85% entre 1994 e 2004. A diferenza dos coches, os avións emiten contaminación tamén na alta atmosfera, o que afecta incluso ao ozono estratosférico.</p>
<p>⑤ CAUSA O 5% dos nenos entre 10 e 15 anos e o 85% da xente nova dispoñen dun teléfono móbil, unha tecnoloxía que naceu como un produto de luxo pero que se espallou con rapidez. Permite aforrar tempo e cartos en desprazamentos e manter o contacto constante por medio de mensaxes, chamadas e fotografías.</p>	<p>⑤ EFECTO Para fabricar os teléfonos móbiles que usamos a diario é necesario un escaso mineral que se encontra fundamentalmente en África, nos países do centro deste continente. Este mineral é o coltan. Aínda que estea lonxe da nosa realidade, hai verdadeiros conflitos pola explotación deste escaso recurso. Alén diso, a fabricación da maioría dos compoñentes dos teléfonos móbiles está trasladada a países asiáticos onde os salarios e as condicións laborais dos traballadores deixan moito que desexar.</p>

Anexo 3

Ficha de traballo II: para o docente.

- **Relaciona as diferentes características que se expoñen a seguir co tipo de aforrador ao que corresponden:**

TIPO DE AFORRADOR:

1. Aforrador agresivo
2. Aforrador indiferente
3. Aforrador conservador
4. Aforrador responsábel
5. Aforrador xusto e solidario

CARACTERÍSTICAS:

- a) Pretende tirar o máximo proveito dos seus aforros; gañar o máximo diñeiro no menor tempo posíbel, e arríscase a perdelo todo por iso . () 1
- b) Non se preocupa pola maneira en que os bancos obteñen esas ganancias rápidas nin a custa de que. Ás veces pensa: “Xa hai quen controle os bancos e este é un xogo no que todos queren gañar o máximo posíbel, por que non eu tamén?” () 1
- c) Pensa: “Se o meu banco gaña diñeiro cos meus aforros, por que non vou gañar eu tamén?” () 2
- d) “Mentres haxa beneficios, por que preocuparse do que faga o banco cos cartos?” () 2
- e) Pensa: “Os bancos garanten que o diñeiro está seguro e só arrisca quen queira arriscar, polo tanto basta con utilizar os seus servizos para beneficiarse das súas vantaxes. A responsabilidade do dono dos cartos consiste en non xogar cos seus aforros.” () 3
- f) Preocúpase polos seus aforros e non quere perdelos, pero alén diso tamén se preocupa polo que o banco fai con eles. Demanda que lle faciliten información sobre o que se fai cos cartos que deposita, en que se invisten, a quen se lle emprestan e en que condicións. () 4
- g) Pensa que o círculo do diñeiro debe estar sempre do lado da xustiza e a solidariedade, debe estar ao servizo das persoas e non as persoas ao seu servizo. Por iso deposita os seus aforros naqueles bancos que buscan utilizar os cartos de maneira responsábel, xusta e solidaria. () 5

Anexo 4

Ficha de traballo III: para o alumnado.

Identifica as características que corresponden á banca ética e xustifica a túa escolla.

- Conta cunha liña de financiamento dirixida a colectivos en risco ou estado de exclusión social.
- O criterio fundamental para a concesión de créditos son as garantías dos solicitantes e os avalistas.
- As persoas que realizan depósitos neste tipo de bancos son conscientes en todo momento de en que se está a investir. Hai grande accesibilidade á información relativa aos proxectos beneficiarios do crédito concedido.
- Pode financiar proxectos que non coincidan cos valores dos seus clientes.
- O seu obxectivo principal é obter o máximo beneficio económico.
- Se o cliente precisa dos seus cartos pode retiralos cando queira. O resto seguirá crescendo, seguirá producindo na súa conta.
- O socio ou cliente coñece e pode tomar decisións sobre o destino dos seus cartos.
- O criterio de investimento e os principios de implicación polos que se rexen son a rendibilidade económico-financeira e a diversificación de riscos.
- Algúns destes bancos definen niveis de retribución inferiores co fin de asegurar a compaxinación de dous obxectivos: rendemento social e financeiro.
- Os aforradores que depositan os seus cartos nestas entidades están dispostos a sacrificar os beneficios polo destino responsábel dos seus cartos.
- Na toma de decisións só participan os accionistas e sempre en función do capital aportado.
- É habitual que non ofrezan información sobre os proxectos que financian.
- Os accionistas deste tipo de bancos buscan a máxima rendibilidade dos seus investimentos.
- As condicións que se deben dar para poder acceder á concesión dun crédito son os seguintes: que o proxecto presentado teña rendibilidade social e que, ademais, sexa un proxecto viábel desde o punto de vista financeiro.